



Anuncio da FGE polo que se dá publicidade respecto das persoas beneficiarias da prórroga de cinco bolsas de formación práctica dirixidas a persoas tituladas superiores universitarias e en formación profesional en asuntos relacionados coa UE

Primeiro.- O 20 de decembro de 2018 publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG número 242) a Orde do 7 de decembro de 2018 pola que se autoriza a Fundación Galicia Europa a conceder subvencións e se aproban as bases reguladoras para a concesión de bolsas de formación, dirixidas a persoas cun título universitario ou cun título de técnico superior de formación profesional, para a realización de prácticas en asuntos relacionados coa Unión Europea.

Segundo.- Ao abeiro da Orde do 7 de decembro de 2018, o 28 de xaneiro de 2020 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* (DOG número 18) o Anuncio do 27 de decembro de 2019 polo que se convocan cinco bolsas para a realización de prácticas en asuntos relacionados coa Unión Europea (código de procedemento PR770N).

Terceiro.- O 3 de xullo de 2020 ditouse a resolución do director da Fundación Galicia Europa de outorgamento das bolsas convocadas con base no anuncio do 27 de decembro de 2019 (DOG número 18 do 28 de xaneiro). A citada resolución foi publicada na páxina web da Fundación Galicia Europa o 7 de xullo de 2020, de acordo co regulado no artigo 14.8 da Orde do 7 de decembro de 2018.

A incorporación das persoas bolseiras materializouse o 1 de setembro de 2020, rematando o período de formación o 31 de agosto de 2021.

Cuarto.- A situación descrita anteriormente determina que as persoas bolseiras non poidan participar de xeito activo e pleno da actividade ordinaria das institucións comunitarias e das entidades que se relacionan con estas, entre as que se atopa a Fundación Galicia Europa.

Quinto.- No eido nacional, o artigo 54 do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao Covid- 19 prevé a posibilidade de prórroga das ordes e resolucións de convocatoria de subvencións.

Ademais, a incerta evolución da pandemia dificulta enormemente unha nova convocatoria de bolsas, na medida na que se descoñece a evolución do brote de coronavirus e as dificultades que podería levar consigo a efectos sanitarios o desprazamento aos países de destino.

Sexto.- O 12 de abril de 2021 publicouse no DOG a *Orde do 31 de marzo de 2021 da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, pola que se modifica parcialmente a Orde do 7 de decembro de 2018*



pola que se autoriza a Fundación Galicia Europa para conceder subvencións e se aproban as bases reguladoras para a concesión de bolsas de formación, dirixidas a persoas cun título universitario ou cun título de técnico superior de formación profesional, para realizar prácticas en asuntos relacionados coa Unión Europea, afectada polas consecuencias do estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria causada polo COVID-19.

Sétimo.- De acordo co establecido no artigo 1 da citada Orde do 31 de marzo de 2021, o prazo de duración das bolsas outorgadas ao abeiro da Resolución do 3 de xullo de 2020 do director da Fundación Galicia Europa, prorrogase ata o 31 de agosto de 2022.

Oitavo.- Mediante a resolución do director da Fundación Galicia Europa do 13 de abril de 2021, modificouse a resolución de outorgamento das bolsas do 3 de xullo de 2020, ampliando o prazo de duración das bolsas ata o 31 de agosto de 2022. De acordo co establecido no artigo 3 da Orde do 31 de marzo de 2021, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, pola que se modifica parcialmente a Orde do 7 de decembro de 2018 pola que se autoriza a Fundación Galicia Europa para conceder subvencións e se aproban as bases reguladoras para a concesión de bolsas de formación, dirixidas a persoas cun título universitario ou cun título de técnico superior de formación profesional, para realizar prácticas en asuntos relacionados coa Unión Europea, afectada polas consecuencias do estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria causada polo COVID-19, a citada resolución foi notificada ás persoas bolseiras e habilitóuselles un prazo de 10 días para manifestar a súa conformidade para a aceptación da prórroga indicada.

Noveno.- Todas as persoas bolseiras manifestaron a súa aceptación á prórroga dentro do prazo habilitado a tales efectos.

Con base no exposto, cómpre facer públicos os datos relativos ás persoas bolseiras beneficiarias da prórroga:

1.-Bolsa de asuntos comunitarios

	APELIDOS E NOME	Destino
1	VILA CID, SARAI	Bruxelas
2	PABLOS LORENZO, CLAUDIA	Bruxelas
3	SANTOS SEOANE, JONATAN	Santiago

2.- Bolsa de comunicación

	APELIDOS E NOME	Destino
1	DOPAZO MOSQUERA, DAVID	Bruxelas



3.- Bolsa de Formación Profesional

	APELIDOS E NOME	Destino
1	CASAL LÓPEZ, PATRICIA	Bruxelas

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

O director da Fundación Galicia Europa

Jesús Gamallo Aller

